Como facer unha boa presentación

Pautas para facer presentacións atractivas

8. Elementos multimedia. Gráficos

- Os gráficos poden ser moi útiles para transmitir ideas de forma rápida e sinxela.
- É preciso escoller o gráfico axeitado.
- Igual que as imaxes, os gráficos deben verse ben, hai que escoller ben as cores.

3. Maquetaxe - visualización

- O modelo que se empregue para a presentación ten que permitir que se vexa ben.
- É importante escoller cores con bo contraste.
- O tamaño importa. Debe permitir ler ben o texto.
- Se unha imaxe non ten boa calidade, é mellor non poñela.
- Pódense empregar recadros para conseguir mellor contraste sobre unha imaxe.

7. Elementos multimedia. Táboas

- As táboas poden axudar a presentar datos numéricos de xeito máis resumido.
- Tamén se poden empregar para ordenar os datos e clasificalos.
- Coa edición pódese destacar unha determinada fila, columna ou cela que se considere máis relevante.

4. Maquetaxe - Transicións/animacións

- As transicións e animacións son ferramentas que poden axudar a facer unha presentación máis atractiva, por exemplo destacando algo nunha imaxe ou gráfica.
- Pero non son o obxectivo da presentación, cando se abusa delas convértense nunha distracción.

1. Preparar un guión

- O primeiro é saber o que se quere comunicar.
- Para iso hai que levar unha orde.
- É preciso planificar a estrutura da presentación.

5. Selección da información

- Busca de información relevante. Onde buscar?
- Selección do máis importante.
- Información contrastada. Como evitar loiadas (*bulos, fake news*)?

6. Elementos multimedia. Imaxes

- A presentación é un apoio visual para o que se vai contar, non son tarxetas para ler.
- Se é posible, mellor ilustrar as ideas con imaxes ou gráficos, é mellor que poñer frases longas.
- É importante escoller imaxes que ilustren a idea que se quere transmitir.
- Non se debe seleccionar imaxes só por ser “bonitas”, se non achegan información.
- Tamén é importante respectar os dereitos de autor. Onde buscar as imaxes?

12. Regras numéricas

- Regra 10/20/30 (Kawasaki) -> 10 diapositivas, non máis de 20 minutos e tamaño de letra mínimo de 30.
- Regra 5-5-5 -> Non máis de 5 liñas por diapositiva, non máis de 5 palabras por liña, non máis de 5 diapositivas de texto seguidas.

2. Planificación das diapositivas

- En cada diapositiva debe haber unha idea.
- Se hai máis, pode resultar confusa.
- Débese pensar como se quere contar.
- Simplicidade: se algo non é necesario, é mellor quitalo.

9. Elementos multimedia. Son

- Pódese embeber un ficheiro de audio na presentación para escoitar algo da fonte orixinal. Por exemplo, un fragmento dunha entrevista.
- A duración non debe ser moi extensa.
- Hai que comprobar a calidade do audio e, se é posible, dos medios de reprodución, para asegurarse de que se vaia escoitar ben.

14. Apoios

- Citas de personaxes célebres -> Engaden credibilidade.
- Pero sen abusar, son un complemento, non a base.
- É bo interactuar coa audiencia, por exemplo, mediante algún xogo ou pregunta aberta para xerar debate.

11. Revisión e mellora

- Unha vez que se teñan deseñadas as diapositivas, deben pulirse.
- Simplificar o texto. Non é para ler, senón para destacar as ideas. Logo explícanse na exposición.
- O estilo da presentación debe ter continuidade, non cambiar en cada diapositiva.

13. Exposición - Enganchar á audiencia

- Hai que manter a atención da audiencia.
- É boa idea poñer un título rechamante.
- A idea principal debe destacarse durante a presentación, ao principio e o final.

10. Elementos multimedia. Vídeo

- Pódese embeber un ficheiro de vídeo na presentación para ilustrar mellor unha explicación.
- A duración non debe ser moi extensa.
- Igual que as imaxes, os vídeos deben verse ben, hai que probar o contraste co fondo.

E agora tócavos a vós

- Esta presentación non segue moitas das regras que se indican.
- Atrevédesvos a mellorala?
- Mans á obra!